

Rúbrica para a coavaliación

Ítem	Excelente (4)	Bo	Aceptable	Insuficiente
Claridade na exposición	A información está ben estruturada e é fácil de seguir. O volume, ritmo e entoación son axeitados, e a linguaxe é correcta en todo momento. (2,5)	A información está ben explicada e é comprensible na maior parte. O volume, ritmo e entoación son bos, con pequenos erros na linguaxe. (1,75)	A información é comprensible, pero hai dificultades de ritmo, volume ou entoación que dificultan algo a súa comprensión. A linguaxe non sempre é adecuada. (1.50)	A información non sempre se entende. Hai varios erros no ritmo, volume e entoación. A linguaxe non é adecuada. (1.25)
Organización e estrutura da presentación	A presentación segue un orde lóxico e fluído. Non hai momentos de dúbida, e se os hai, son resoltos de inmediato co apoio do equipo. (2,5)	A presentación está ben organizada e segue un fluxo coherente, sen demasiados problemas. Se hai dúbidas, son resoltas rapidamente co apoio do equipo. (1,75)	A organización da presentación é algo confusa. Hai momentos de dúbida que non sempre se resolven de maneira clara. (1.50)	A presentación carece de organización. Hai moitos momentos de dúbida que non se resolven adecuadamente. (1.25)
Interacción coa audiencia	Mantén contacto visual constante coa audiencia. Axústase á reacción do público (por exemplo, aumenta o volume ou cambia o ritmo). Responde ás preguntas con clareza e precisión. (2,5)	Hai bo contacto visual coa audiencia. Axústase ben á reacción do público e responde á maioría das preguntas de maneira clara e precisa. (1,75)	Hai pouco contacto visual coa audiencia. Non se axusta ben á reacción do público, pero responde ás preguntas de forma adecuada. (1.50)	Practicamente non hai contacto visual coa audiencia. Non se axusta á reacción do público e non se responde ben ás preguntas. (1.25)
Cofecemento e dominio dos contidos	Os membros do grupo explican os seus contidos con total dominio, sen dúbidas e cunha gran seguridade. (2,5)	Os membros do grupo explican os contidos de maneira clara, pero con algúns pequenos momentos de dúbida. (1,75)	Hai momentos de dúbida ao longo da presentación, pero o grupo segue avanzando. (1.50)	A presentación está chea de dúbidas e dificultades para continuar con fluidez. (1.25)